



Concello de
OURENSE

44/21.- ACTA ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 07 DE OUTUBRO DE 2021

Na cidade de Ourense, o sete de outubro de 2021, sendo as oito horas e trinta minutos (08h:30'), reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria en primeira convocatoria, na Casa do Concello, cos seguintes asistentes: Excmo. Sr Alcalde-Presidente: **D. Gonzalo Pérez Jácome**. Srs/as. Concelleiros/as: **D. Telmo Manuel Ucha Álvarez, dona Ana María Fernández Morenza, dona Flora Moure Iglesias e don Armando Ojea Bouzo**, que actúa como Concelleiro-Secretario da Xunta, -non asistindo don Jorge Pumar Tesouro- -asisten como invitados: A Oficial maior, dona Silvia Alonso Fernández; o Interventor municipal, don Gonzalo Alonso Álvarez, o Asesor xurídico, don Juan Ramón Costas Núñez e a letrada municipal, dona Ana Blanco Nespereira-; ao obxecto de examinar os asuntos incluídos na orde do día e seguindo os informes dos pertinentes Servizos municipais, sobre os que se adoptaron os seguintes acordos:

APROBACIÓN ACTA

1.- Aprobáronse por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), as seguintes actas da Xunta de Goberno Local:

- a) Sesión extraordinaria e urxente de 29 de setembro de 2021.
- b) Sesión ordinaria de 30 de setembro de 2021. E
- c) Sesión extraordinaria e urxente de 05 de outubro de 2021.

AVOGACÍA CONSISTORIAL

2.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 144/21.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 144/21 interposto por Rosa M^a Fernández Prego contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polas lesións sufridas por mor dunha caída na rúa Irmáns Xesta polo mal estado dunhas losetas, por importe de 1.743,80 euros. A data do xuízo é o 15 de marzo de 2022.

3.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 170/21.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:



Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento abreviado 170/21 interposto por Axa Seguros e Tamara Vázquez Expósito contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polos danos sufridos no seu vehículo por colisionar contra un bolardo sito na rúa Pena Corneira da cidade, por importe de 2885,03 euros. A data do xuízo é 15 de marzo de 2022.

4.- Personamento do Concello en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento ordinario 231/21.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ourense, no procedemento ordinario 231/21 interposto por CCPP CALLE CORUÑA NUM. 22 DE OURENSE contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xullo de 2021, polo que se estimou o recurso de reposición interposto por José Domingo Salgado Costa, contra o acordo da XGL de 29/10/2020 que concedía licenza de instalación de ascensor a CCPP Calle Coruña num. 22, e polo tanto anulaba a referida licenza porque invade unha parte da súa vivenda sen autorización.

5.- Dar conta que en data 24 de setembro de 2021 notificouse ao Concello o Auto ditado pola Audiencia Provincial de Ourense, en Autos de Apelación 620/2021.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer por ser favorable aos intereses municipais, o Auto 492/2021 ditado pola Audiencia Provincial de Ourense, en Autos de Apelación 620/2021, que devén das Dilixencias Previas 15/2019 interposto polo Ismael Pérez Mosquera

2º.- Darlle traslado do Auto ao Servizo de Policía Local para o seu coñecemento e efectos oportunos.

6.- Sentenza ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Dous de Ourense, no Procedemento Ordinario 303/2020-D.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1º.- Coñecer e non recorrer a sentenza núm. 184/2021 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo número Dous de Ourense, no Procedemento Ordinario 303/2020-D, promovido por PROYECTOS E INFORMES XESTA S.L., contra a inactividade do Concello de Ourense en relación coa obriga de pago pola elaboración dun Proxecto Técnico de Renovación do pavimento, firme e rede de sumidoiros na rúa Ribeira de Canedo.

2º.- Darlle traslado da sentenza ao Servizo de Infraestruturas para o seu coñecemento e efectos oportunos.

7.- Dar conta de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Procedemento Ordinario 7572/2021.



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Darse por informada de que o Concello foi emprazado para comparecer e personarse en calidade de demandado diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Procedemento Ordinario 7572/2021, interposto por D. Bautista Rodríguez Díaz, contra o acordo do Xurado de Expropiación de Galicia en relación ca expropiación da finca "Acevedo" no Barrio da Cruz Alta.

SERVIZO DE LICENZAS URBANÍSTICAS, DE ACTIVIDADE, APERTURA E DISCIPLINA

LICENZAS

8.- D. José Manuel Blanco Alonso, solicita declaración de innecesiedade de licenza de segregación do baixo sito na rúa Río Arnoya, 19. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021031852.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Único.- Estimar a solicitude de don José Manuel Blanco Alonso, declarando a innecesiedade da licenza urbanística de segregación do baixo sito na rúa Río Arnoya número 19, coa referencia catastral 3495105NG9839N0001YF.

Declárase prescrita a infracción urbanística consistente na carencia da licenza municipal de segregación.

O presente acordo tómase en base ós informes técnicos do Arquitecto Municipal de data 27 de setembro do 2021 e ó informe xurídico de data 28 de setembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que se notifique. Así mesmo, contra este poderé interperse directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se notifique, conforme ó establecido nos artigos 52 da Lei reguladora das bases de réxime local, 194 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, 58 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como os artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

9.- Comunidade de Propietarios, proxecto básico e de execución de modernización de ascensor existente no edificio sito na rúa Remedios, 11. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2020036930.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:



1.- Conceder á “Comunidade de Propietarios rúa Remedios Nº 11”, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de modernización de ascensor existente no edificio sito na rúa Remedios número 11, en solo urbano consolidado, segundo proxecto redactado polas arquitectas dona Paula Feijóo Calviño e dona Emma Noriega García, asumindo a dirección facultativa das obras a arquitecta dona Paula Feijóo Calviño, e cun orzamento de execución material de 20.682,20 euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Os presentes acordos tómanse en base ó informe técnico da Arquitecta Municipal de data 24 de setembro do 2021 e ó informe xurídico de data 28 de setembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partires do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros, sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de





0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocárase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

10.- Comunidade de Propietarios, proxecto básico e de execución para instalación de ascensor sito na rúa Nova, 14. Expte. Sección Licenzas Urbanísticas 2021011138.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Conceder á “Comunidade de Propietarios Rúa Nova Nº 14”, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Rúa Nova número 14, en solo urbano consolidado, segundo proxecto redactado polo arquitecto don José Antonio Rodríguez Basalo, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica da execución das mesmas e a coordinación en materia de seguridade e saúde o arquitecto técnico don Miguel González Dasilva, e cun orzamento de execución material de 35.309,46 euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Os presentes acordos tómanse en base ó informe técnico da Arquitecta Municipal de data 23 de setembro do 2021 e ó informe xurídico de data 28 de setembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.



Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debéndose substituír por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.





Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

11.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS Barrocanes, Bloque Nº 12”.- Licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para instalación de ascensor en edificio sito na rúa Barrocanes, Bloque número 12.- Expte. Sección de licenzas urbanísticas 2021008403

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Conceder á “Comunidade de Propietarios Barrocanes, Bloque Nº 12”, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución para instalación de ascensor en edificio de vivendas sito na rúa Barrocanes, Bloque número 12, en solo urbano consolidado, segundo proxecto redactado polo arquitecto don Alfonso Legido Mariño, quen asume a dirección facultativa das obras, asumindo a dirección técnica da execución das mesmas o arquitecto técnico don Antonio Teixeira Araujo, e asumindo a coordinación en materia de seguridade e saúde o enxeñeiro técnico industrial don José Nogueira Ferradas, e cun orzamento de execución material de 49.137,86 euros.

2.- Requerir ó solicitante para que unha vez rematadas as obras achegue certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza outorgada, e se comunique a data a partir da cal poderá xirarse visita de comprobación por tódolos técnicos municipais ou sectoriais que informaron o proxecto.

Os presentes acordos tómanse en base ó informe técnico da Arquitecta Municipal de data 28 de setembro do 2021 e ó informe xurídico de data 30 de setembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.



Condições Xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Asi mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituindo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere convinte co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarase á aliñación do edificio. Nos sitios onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan vallas de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debéndose substituír por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.



12.- D. Javier Pérez Lima, solicita prórroga para la licencia urbanística de obras concedida para proxecto básico e de execución de reforma de vivenda unifamiliar sita en Regoalde,19. Exp. Sección Licenzas Urbanísticas 2017017842.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a don Javier Pérez Lima, prórroga polo mais amplo prazo legal permitido, tres anos, para o remate das obras de reforma de vivenda unifamiliar sita en Regoalde número 19, amparadas na licenza municipal de obras número 108/18.

2.- Advertir expresamente a don Javier Pérez Lima, que de conformidade co artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non se concederá nova prórroga da licenza de obras de reforma de vivenda unifamiliar sita en Regoalde número 19, amparadas na licenza municipal de obras número 108/18, se non se remata a edificación exteriormente.

O presente acordo tómase en base ós informes do Arquitecto Municipal de data 1 de outubro do 2021 e ó informe xurídico de data 1 de outubro do 2021, que trasladaranse ó interesado aos efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

13.- SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO DA XUNTA DE GALICIA.- Cesión gratuita de terrenos derivada de solicitude de licenza urbanística.- Expte. Sección de Licenzas Urbanísticas 2021029300.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Aceptar a cesión gratuita derivada de solicitude de licenza para proxecto básico e de execución de obras de mellora e reforma no estadio de O Couto pola da Xunta de Galicia das seguintes parcelas sitas no SU-2 destinadas a sistemas xerais e que deberán ser urbanizadas:

- Parcela Nº 2.- Cunha superficie de 286,30 m², pertencente á clasificación de solo urbano consolidado, sistema xeral de espazos libres, parques e xardíns. Cós seguintes lindeiros:

Norte: Parcela Nº 1 (Estadio de O Couto).

Sur: rúa tras do estadio.

Este: Parcela Nº 3.



Oeste: rúa tras do estadio.

- Parcela Nº 3.- Cunha superficie de 1.928,60 m², pertencente á clasificación de solo urbano consolidado, sistema xeral viario. Cós seguintes lindeiros:

Norte: Parcela Nº 1 (Estadio de O Couto).

Sur: rúa tras do estadio e Parcela Nº 2.

Este: Comunidade de Propietarios rúa Carlos Maside Nº 2, Nº 4, Nº 6, Nº 8 e rúa Simón de Mosteiro.

Oeste: Parcela Nº 1 e Parcela Nº 2.

- Parcela Nº 4.- Cunha superficie de 164,10 m², pertencente á clasificación de solo urbano consolidado, sistema xeral viario. Cós seguintes lindeiros:

Norte: rúa Carlos Maside.

Sur: Comunidade de Propietarios rúa Carlos Maside Nº 2.

Este: rúa Carlos Maside.

Oeste: Parcela Nº 1 (Estadio de O Couto).

2.- Autorizar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro no que delegue a sinatura dos documentos necesarios para formalizar a cesión.

3.- Trasladar o presente acordo á Sección de Patrimonio e, unha vez formalizada a entrega, incluír os bens cedidos no Inventario Municipal de Bens e Dereitos.

Réxime de recursos.- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

APERTURAS

14.- "D^a MARIA TERESA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ".- EXPTE. APERTURAS 2021002716.- Licenza de obra e de actividade para proxecto básico e de execución de ampliación de farmacia na Rúa Quintián, nº 13-15

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Conceder a dona María Teresa Rodríguez Rodríguez, co CIF ***0071**, licenza urbanística de obra para proxecto básico e de execución de ampliación de farmacia na rúa Quintián, números 13 e 15, consonte ó proxecto presentado e redactado polo arquitecto don Daniel Rodríguez Fernández, quen asumen a dirección material da obra, cun orzamento de execución material de 58.106 €, de conformidade cos informes técnicos e xurídico emitidos ao respecto.

2.- As obras cumprirán as condicións do informe do Enxeñeiro de Telecomunicacións Municipal de Control Acústico de data 27 de setembro do 2021.

3.- Requirit ó interesado para que achegue o certificado final de obra, asinado polo técnico competente no que conste que as obras están completamente rematadas e axustadas á licenza





outorgada, advirtíndolle que non exerza actividade en canto non obteña a preceptiva licenza de ocupación e o conforme da actuación comunicada.

O presente acordo tómase en base ós informes da Arquitecta Técnica Municipal de data 24 de agosto do 2021, ó informe do Enxeñeiro de Telecomunicacións Municipal de Control Acústico de data 27 de setembro do 2021 e ó informe xurídico de data 28 de setembro do 2021, que forman parte desta resolución, os cales trasladaranse ós interesados ós efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Condicións xerais:

1.- Conforme ao disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras é de 6 meses contados a partir do día seguinte do que se reciba o presente documento e despois de comezadas as obras non poderán suspenderse por un período superior a seis meses (salvo resolución xudicial).

Así mesmo, o prazo de terminación das obras é de tres anos contados do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior.

A administración poderá conceder prórrogas dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga non poderá concederse por prazo superior ao inicialmente acordado.

A caducidade da licenza será declarada pola Administración municipal previa tramitación dun procedemento con audiencia ao interesado.

2.- Rematadas as obras e dentro dos oito días seguintes, porao por escrito en coñecemento do Concello, previa retirada das madeiras, estadas e materiais sobrantes para deixar expedito o paso e limpa a rúa, que deberá repoñerse o seu estado anterior ás obras, substituíndo o pavimento deteriorado ou que fose removido.

3.- O Alcalde, por si ou por medio dos técnicos municipais ou da Inspección Municipal de Obras, poderá visitar as obras cando o considere axeitado co fin de recoñecer o seu estado de construción e comprobar o cumprimento das condicións en que se concedeu esta licenza.

4.- Durante a execución das obras deberanse observar as seguintes prescricións:

En toda obra de nova planta ou de reforma é preceptiva a colocación de valo a unha altura mínima de 2,00 metros sendo a distancia ao bordo de 1,00 metro nas beirarrúas que teñan 2 ou máis e de 0,60 nas de menos. Se a rúa non ten beirarrúa, o valo colocarse á aliñación do edificio. Nos sitios



onde exista beirarrúa de pedra, executarase a fábrica de ladrillo sobre un apoio ou zócolo non adherido ao pavimento, de xeito que poida demolerse o valo sen dano para a baldosa. A construción poderá ser de ladrillo revestido e branquexado, ou pranchas metálicas entrevigadas. Non se autorizan valos de madeira, aglomerado de madeira, canizos, arpilleiras, etc.

Para o acceso á obra, colocaranse portas de madeira ou metálicas, que abrirán cara a dentro.

Unha vez salvada a planta baixa, será obrigatoria a retirada do valo de protección, debendo substituírse por outra aérea voada, construída de xeito que impida a caída de obxectos á rúa. O seu saínte será o ancho da beirarrúa cun máximo de 2 metros e a súa fronte e costados terán unha altura mínima de dous metros. En cada unha das plantas haberá de colocarse unha rede protectora.

Queda prohibido depositar materiais fóra do valo de protección. A responsabilidade polo incumprimento da obriga a que se refire este apartado esixirase ao contratista das obras e subsidiariamente ao propietario, caso de ser distinto daquel.

Para a carga, descarga, depósito e labrado de materiais e extracción de entullos, aterase ás disposicións das Ordenanzas e da autoridade municipal.

En especial cumprase coa vixente Ordenanza Municipal de limpeza de terreos e solares e de protección contra incendios forestais.

Deberá darse cumprimento ó contemplado no Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, debendo o produtor de residuos contar coa preceptiva autorización da Consellería de Medio Ambiente.

SERVIZO DE PLANEAMENTO, XESTIÓN URBANÍSTICA E PATRIMONIO

PATRIMONIO

15.- Inadmisión do recurso de reposición presentado contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día 4 de marzo de 2021. (Expte. Núm. 2021000156)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Inadmitir o recurso de reposición presentado por Esther González Cortizo, contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día 4 de marzo de 2021, por estar presentado fóra do prazo legalmente establecido.

2.- Notificarlle a dona Esther González Cortizo, o informe xurídico de data 28 de maio de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Contra este acto poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

16.- Reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas como consecuencia dunha caída na rúa Concordia. Expediente núm. 2020008329.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:





1.- Considerar a dona Nuria Paloma Encinas Arnau, desistida da súa solicitude de reclamación de responsabilidade patrimonial, por non reunir esta os requisitos legalmente esixibles segundo o disposto no artigo 67 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e non atender a interesada ao requirimento para completala.

2.- Arquivar o expediente.

3.- Notificarlle a dona Nuria Paloma Encinas Arnau, o informe xurídico de data 4 de outubro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

17.- Repetición contra VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, SA, concesionaria do mantemento das zonas verdes na data do accidente polos danos causados como consecuencia da caída dunha árbore na praza da Legión. Expediente núm. 2019046488 (Antecedente: Expediente núm. 2018009175 de responsabilidade patrimonial).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Exercitar o dereito de repetición VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SA (CIF A28760692) concesionaria do servizo de mantemento de zona verdes do Concello de Ourense, e esixirlle o pagamento da suma de mil trescentos vinte euros (1.320 €) que o Concello de Ourense pagou a don Francisco Díaz Fernández, polos danos causados no su vehículo marca Alfa Romeo, matrícula 2715-CXW, pola caída dunha árbore nunha vía de acceso á praza da Legión, o día 10 de decembro de 2017. O pagamento deberá facerse mediante carta de pagamento emitida polo servizo de Facenda, advertíndolle que de non facer o pagamento no prazo de dez días porase en coñecemento da Avogacía Consistorial para que exercite as accións legais oportunas.

2.- Que no caso de que non se atenda ó requirimento de pagamento, a Avogacía Consistorial exercite as accións xudiciais oportunas para esixir a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SA o resarcimento de mil trescentos vinte euros (1.320 €) que o Concello de Ourense pagou a Francisco Díaz Fernández, polos danos causados no su vehículo marca Alfa Romeo, matrícula 2715-CXW, pola caída dunha árbore nunha vía de acceso á praza da Legión, o día 10 de decembro de 2017.



3.- Notificarlle a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES SA o informe xurídico de data 4 de outubro de 2021 para os efectos de motivación.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado desde o día seguinte a aquel en que se notifique segundo o establecido nos artigos 52 da Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, contra este acto poderá presentarse directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a aquel que se notifique de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interpoñer recurso de reposición non poderá impugnarse o acto ante a xurisdición contencioso-administrativa ata que se resolva o recurso expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

XESTIÓN URBANÍSTICA

18.- Recurso de reposición en relación co acordo da Xunta de goberno Local de 25 de setembro de 2020. Expte. Xestión Urbanística 2018002821

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por don Francisco Javier Nóvoa García, fronte ó acordo núm. 17 da Xunta de Goberno Local de data 25 de setembro de 2020 con base no exposto no informe xurídico do Servizo de Planeamento e Xestión de 28 de setembro de 2021 e repoñer a parte do punto segundo do citado na seguinte forma:

Onde di: “dona Jovita Soto Figueiras con DNI ***7201** a cantidade de 56.710,20 euros”.

Queda redactado na seguinte forma “(...)don Francisco Javier Nóvoa García con DNI ***8101**, a cantidade de 27.079,13 euros, de don José Manuel Nóvoa García con DNI ***8101** de 27.079,12 e de dona Eva García Eiriz con DNI ***8902**, a cantidade de 2.551,96 euros (...)”.

O resto do punto segundo e o acordo mantense nos seus propios termos.

2.- Notificar este acordo aos interesados xunto con copia do informe xurídico do servizo de Planeamento e Xestión que lle serve de motivación.

3.- Comunicar este acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

Réxime de recursos: Este acto pon fin á vía administrativa e contra el poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción da notificación do mesmo, conforme o artigo 52 da Lei reguladora das bases de réxime local, 194 e concordantes do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como os artigos 10 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

19.- Aprobación definitiva do proxecto de urbanización do Polígono 1 AR 2 Z-2 do SU-32 do PXOM. Expte. Xestión Urbanística 2018039200

Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:





1.- Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do polígono 1 do AR2 da zona 2 do SU-32 do PXOU por pedimento de don Manuel Barja Bande, en representación da Xunta de Compensación, composto polo documento técnico con NRX 2018053109 e anexo con NRX 2021002797.

A garantía a constituír, no caso de que se proceda á urbanización e máis edificación simultáneas, segundo os artigos 29 da Lei de Galicia 2/2016 e 28 do RLSG, terá o importe de 802.908,95 euros, a esixir nos expedientes de licenza de obras para os edificios a construír nos solares resultantes.

2.- Requerir á Xunta de Compensación para que proceda á constitución mediante calquera dos medios previstos na lexislación de contratos públicos dunha garantía pola contía de 80.290,9 euros, consonte ó disposto no art. 96.4 da LSG, nun prazo de seis meses.

3.- Notificar este acordo aos interesados e dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

RÉXIME DE RECURSOS- Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

20.- Adxudicación, se procede, do expediente para contratar o servizo de redacción do proxecto de humanización das rúas Ánxel Barxa Compositor, Mestre Vide, Eduardo Blanco Amor e Alfonso R. Castelao do Concello de Ourense. (Expte. 2020028000)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Retirar este asunto da orde do día para un mellor estudo.

21.- Aprobación, se procede, do expediente para contratar a subministración de 54 equipos multifunción e impresoras e o seu mantemento. (Expte. 2021028121)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1º.- Aprobar o expediente para contratar a subministración de 54 equipos multifunción e impresoras e o seu mantemento, coa correspondente aprobación das cláusulas administrativas e técnicas, cun orzamento de licitación de 297.425,69 € de principal e 62.459,39 € en concepto de IVE, para un total de 359.885,08 €.



2º.- Aprobar o gasto correspondente ao contrato, por un importe de 359.885,08 €, con cargo aos seguintes créditos:

Exercicio	Nº operación	Aplicación orzamentaria	Importe total IVE incluído (21%)
2021	202100040777	120.9202.62600	194.308,84 €
	202100040776	120.9202.22002	10.348,51 €
2022	202100040778	120.9202.22002	41.394,06 €
2023	202100040779	120.9202.22002	41.394,06 €
2024	202100040780	120.9202.22002	41.394,06 €
2025	202100040781	120.9202.22002	31.045,55 €

De conformidade co disposto no artigo 174.1 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a autorización do gasto para os exercicios futuros se subordinará á existencia de crédito adecuado e suficiente que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos municipais.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, e tramitación ordinaria.

4º.- Nomear como responsable do contrato ao xefe de Sección de Sistemas e Análises e como suplente ao xefe do Servizo de Sistemas de Información.

22.- Reinicio, se procede, da vixencia da concesión demanial para a explotación da cafetería sita no Xardín Xaponés. (Expte. 2019042122)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Único.- Alzar a suspensión do inicio da actividade acordada por Xunta de Goberno local de 4 de marzo de 2021 no contrato de concesión demanial da explotación das instalacións destinadas a cafetería sitas no Xardín Xaponés, adxudicado por Xunta de Goberno local de 30 de xullo de 2020 e asinado o 31 de agosto de 2020, procedendo a entrega do local o adxudicatario, e o inicio do prazo do mes, computado dende a notificación ao mesmo, para a subscripción da acta de inicio da actividade, de conformidade co establecido nos informes do arquitecto municipal de 10 de agosto de 2021 e da Asesoría xurídica de 21 de setembro de 2021.

23.- Aprobación, se procede, da actualización do inventario das instalacións semafóricas e de control de tráfico, sistema TVCC e sala de control do Concello de Ourense. (Expediente núm. 2020006075)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Primeiro.- Aprobar a instancia de Sociedade Ibérica de Construcións Eléctricas SA (SICE), titular do NIF A28002335, de conformidade co artigo 9 do Prego de cláusulas administrativas do contrato do servizo de conservación e mantemento das instalacións semafóricas e control de tráfico, sistema T.V.C.C e sala de control, adxudicado a SICE o 02/05/2003, os seguintes prezos contraditorios:

Descrición elementos	PREZO UNIDADE PREGO





<u>.- ELEMENTOS DE RÚA</u>	
Ud Transmisor datos Trafico	0,5
Ud. Semáforo de policarbonato de dous focos de 300 mm. de diámetro e iluminación mediante lámpadas LED. Mod. 12/300 RV ó AA.	0,13
Ud. Semáforo repetidor de aluminio de tres focos de 100 mm. de diámetro e iluminación mediante lámpadas LED. Mod. 13/100.	0,2
Ud. Bandeirola para sinalización e iluminación de paso peonil incluíndo fuste de 8 metros de altura e 5,5 metros de saínte	2,91
Ud Baliza luminosa incluíndo nodo de alimentación por indución	0,18
Ud Transmisor vídeo cctv	0,5
<u>.- ELEMENTOS DE SALA DE CONTROL</u>	
Ud Gravador dixital 250 GB	1,71
Ud Transmisor vídeo cctv	0,5
Ud Transmisor datos Tráfico	0,5
Ud. Vídeo Wall 3*2 50" xga	18,02
<u>.- ELEMENTOS CONTROL DE ACCESOS CASCO HISTORICO</u>	
<u>EQUIPO DE CONTROL DE ACCESOS CON TAG - ENTRADAS SALIDAS</u>	
Semáforo R/A2x100	0,07
Transmisor de Datos F.O	0,5
<u>CENTRO DE CONTROL</u>	
Transmisor de Datos F.O	0,5
Transmisor de vídeo F.O	0,5

* Estes prezos están referenciados ao ano 2003, de aprobación do prego. A estes importes débeseles aplicar a baixa de adjudicación do 2,746252% e o índice de revisión de prezos do mesmo xeito que ao resto de unidades do prego. Todos os importes que se indican a continuación son sen o IVE vixente (21%).

Segundo.- Aprobar a instancia de Sociedad Ibérica de Construcciones Eléctricas SA (SICE), titular do NIF A28002335, a relación de altas e baixas mensual no inventario prevista no artigo 7 do Prego de cláusulas administrativas do contrato do servizo de conservación e mantemento das instalacións semaforicas e control de tráfico, sistema T.V.C.C e sala de control, adjudicado a SICE o 02/05/2003, para o período que vai do 23/03/2012 e o 31/12/2019, de conformidade cos informes favorables da Policía Local, e cuxo contido se detalla no anexo ao informe do TAG, con visto e praxe do Asesor Municipal, e do que resulta, en termos anualizados a seguinte retribución do contrato, sen IVE e sen inclusión da revisión de prezos prevista no artigo 8 do prego:

Ano	Total/inventario (prezos sen IVE e coa baixa de adjudicación do 2,746252%)	Total/contraditorios (prezos sen IVE e coa baixa de adjudicación do 2,746252%)	Total
-----	--	--	-------



2.012	339.285,05	17.674,08	356.959,13
2.013	445.486,37	26.250,49	471.736,86
2.014	451.250,53	26.631,41	477.881,94
2.015	452.617,80	26.704,86	479.322,66
2.016	456.010,77	26.778,02	482.788,79
2.017	455.073,43	26.704,86	481.778,29
2.018	453.342,87	26.704,86	480.047,73
2.019	446.615,79	26.681,59	473.297,38

Terceiro.- Aprobar e dispoñer o gasto e recoñecer a obriga a favor de Sociedad Ibérica de Construcciones Eléctricas SA, titular do NIF A28002335, por importe de 1.081.860,40 €, da que 894.099,50 € corresponde ao principal e 187.760,90 € ao IVE (factura núm. F25-0-05931, emitida o 14/04/2021) en concepto de retribución da xestión do servizo público de conservación e mantemento das instalacións semaforicas e control de tráfico, sistema T.V.C.C e sala de control do Concello de Ourense, orixinada polas diferenzas no inventario ao que se vincula dita retribución de acordo co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares polo que se rexe devandito contrato, devindicadas entre o 23/03/2012 e 2019 inclusive, con cargo á aplicación orzamentaria 240.1330.22703 (RC 202100014717), de acordo co seguinte detalle:

AÑO	TOTAL DEUDA	IVA	TOTAL	COEFI. REVISIÓN	TOTAL CON COEF. REVISIÓN
2012	59.068,45	12.404,37	71.472,82	1,2081	86.346,32
2013	88.884,40	18.665,72	107.550,12	1,2257	131.824,19
2014	95.029,48	19.956,19	114.985,67	1,2375	142.294,77
2015	96.470,20	20.258,74	116.728,94	1,2340	144.043,51
2016	98.887,42	20.766,36	119.653,78	1,2308	147.269,87
2017	98.925,83	20.774,42	119.700,25	1,2198	146.010,37
2018	97.195,27	20.411,01	117.606,28	1,2383	145.631,85
2019	90.444,92	18.993,43	109.438,35	1,2650	138.439,52
TOTAL	724.905,97	152.230,25	877.136,22		1.081.860,40

Cuarto.- Notificar o presente acordo á interesada xunto co informe do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria de 02/11/2020, do Asesor Xurídico municipal de 27/12/2018 (expte 2017018895), informes da xefa da Policía Local de data 14/03/2019 (expte 2017033384) e 09/03/2020, e os informes do TAX, co visto e praxe do Asesor municipal, de data 21/07/2020 e 19/04/2021, aos efectos de motivación.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

Réxime de recursos: Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto





expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

EDUCACIÓN

24.- Omisión fiscalización facturas MANTELNOR limpeza extraordinarias por covid-19. Expediente 2021036180.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Primeiro.- Convalidar a omisión da función interventora do acordo que modificou as condicións contractuais inicialmente pactadas, na que ante a necesidade de contención do gasto municipal e de racionalizar o uso dos recursos dos que dispón o Concello, desde a Concellería de Educación, para o cumprimento das obrigas impostas polo PROTOCOLO COVID durante o curso 2020-21, nas que se fai imprescindible a limpeza dos espazos comúns e baños durante a xornada lectiva, e dado que no contrato vixente non están contempladas as horas para poder levar a cabo ditas tarefas que ten obriga nos centros pola causa derivada da crise sanitaria COVID – 19 a partir do día 10 de setembro do 2020 e mentras esté vixente no protocolo COVID-19 a limpeza dos espazos comúns (pasillos – baños) por centro necesarias para levar a cabo dita tarefa.

Segundo.- Aprobar e dispoñer o gasto e recoñecer a obriga a favor de Mantelnor Limpiezas Slu., unha indemnización substitutoria por importe de 162.222,30 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 200.3230.22700 do orzamento vixente, facturas núm. 04L20200277, 04L20200278, 04L20200276, 04L20200315, 04L20200314, 04L20200313, 4L20200353, 04L20200355, 04L20200354, 04L20200382, 04L20200383, 04L20200384, 04L20210027, 04L20210028, 04L20210029, 04L20210056, 04L20210055, 04L20210085, 04L20210084, 04L20210086, 04L20210103, 04L20210104, 04L20210105, 04L20210150, 04L20210140, 04L20210138, 04L20210139, expedidas pola empresa Mantelnor Limpiezas SLU, en concepto de servizo de limpeza e desinfección de centros educativos do Concello de Ourense en turno de mañá (lotes I, III e IV (RC núm. **202100056116**).

Terceiro.- Dar traslado deste acordo á Tesourería municipal aos efectos do seu reflexo na contabilidade municipal.

SERVIZOS XERAIS

25.- Expte. Núm 2021005639. Xustificación caixa fixa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Retirar este asunto da orde do día para un mellor estudo.

PERSOAL E RECURSOS HUMANOS

26.- Liquidación de custas. Decreto de Tasación 46/17 do PA 46/17. Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense.



A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

Primeiro.- Aprobar e dispor o gasto, e **recoñecer** a obriga a favor do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 con CIF nº S-3200006-I, a cantidade de douscentos oitenta e catro euros con trinta e cinco céntimos de euro (284,35 €) na conta Xeral de Consignacións IBAN ES55 0049 3569 9200 0500 1274 no numero de conta-expediente número 2155000094004617, con cargo á aplicación orzamentaria 120.9200.22639 (Abono de costas xudiciais) do orzamento municipal vixente. -Número de operación de retención de crédito 202100054544- en concepto de abono de costas conforme Decreto de taxación de costas 119-2019.

Segundo.- Dar traslado do presente ao departamento de Tesourería aos efectos contables oportunos.

Terceiro.- Devólvese xustificante do pago ao servizo de Recursos Humanos.

XESTIÓN ECONÓMICA E ORZAMENTARIA

27.- REC XGL 11-2021, 11º expte. recoñecemento extraxudicial de créditos. Facturas recibidas fóra de prazo. (Núm. Expte. 2021034435).

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (5 votos a favor), acordou:

1.- Aprobar a seguinte relación de facturas (aprobación do gasto, da súa disposición e do recoñecemento da obriga), por un importe total de 81.428,67 € (oitenta e un mil catrocentos vinte e oito euros con sesenta e sete céntimos), correspondentes a gastos realizados no exercicio 2020, que non puideron seguir a tramitación ordinaria para a súa aprobación no devandito exercicio, a favor dos terceiros e con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que en cada caso se indican:

Código				Nº EXPTE.	Número de Factura	Data Recepc.	NIF TERCERO	Importe Factura
Órga	Func	Econ	Factura					
N100	1532	22707	168236	2020045937	BORRADOR-359	23-dic-20	B32304842-CONSULTORIA INRUPRE S.L.P.	211,75
					Nº RC 202100053111		TOTAL APLICACIÓN	211,75
					Disponible bolsa v.			
					100/153/2 a 31/12/2020		116.673,75	
					Contab. exptes. anter.		2.834,96	
N100	1610	22709	168237	2020045942	02132020AN00395600	24-dic-20	A66141185-VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA S.A.U.	6,12
					Nº RC 202100053112		TOTAL APLICACIÓN	6,12
					Disponible en bolsa v.			
					100/161/2 a 31/12/2020		2.250.730,99	
					Contab. exptes. anter.		3.931,26	





N10 0	1650	20400	169150	202100385 9	EMIT-96	24-ene-21	A28278026-PLATAFORMA COMERCIAL DE RETAIL SAU	2.662,00
					Nº RC 202100053113		TOTAL APLICACIÓN	2.662,00
N10 0	1650	22100	168627	202100252 7	FE20137032096327	07-ene-21	A65067332- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER SA	17,56
					Nº RC 202100053114		TOTAL APLICACIÓN	17,56
							TOTAL IGUAL BOLSA VINCLAC	2.679,56
					Disponible en bolsa v.			
					100/165/2 a 31/12/2020		725.548,75	
					Contab. exptes. anter.		136.840,77	
N14 0	2318	22682	168198	202004538 7	14/00D - 0002682	17-dic-20	B36007409-MERCASH-SAR S.L.U.	67,78
					Nº RC 202100053208		TOTAL APLICACIÓN	67,78
					Disponible en bolsa v.			
					140/2318/2 a 31/12/2020		592.718,52	
					Contab. exptes. anter.		1.708,19	
S160	1710	61909	164429	202001272 4	2020-FACTURA47	14-may- 20	B32274581-EXPLORACIONES MEDIOAMBIENTALES S.L.	46.587,36
					Nº RC 202100053206		TOTAL APLICACIÓN	46.587,36
					PROXECTO DE GASTO			
					20-4-16-04			
N16 0	4250	22641	166634	202003544 1	20201016	14-oct-20	B36324796- ASESORAMIENTO TECNOLOGIA E INVESTIGACION SL	18.029,00
					Nº RC 202100053210		TOTAL APLICACIÓN	18.029,00
					Disponible en bolsa v.			
					160/425/2 a 31/12/2020		40.439,69	
N18 0	3300	21200	167024	202003935 7	EMIT-940000388	05-nov-20	B85582013-INV. PROTECCION SL	131,14
					Nº RC 202100053213		TOTAL APLICACIÓN	131,14
					Disponible en bolsa v.			
					180/330/2 a 31/12/2020		30.403,36	



					Contab. exptes. anter.		697,26	
N24 0	1360	62500	168272	202004644 9	20201	30-dic-20	B27868967-AMBORA SOLUCIONES INDUSTRIALES S.L.	10.993,46
					Nº RC 202100048299		TOTAL APLICACIÓN	10.993,46
					PROXECTO DE GASTO			
					19-2-24-01			
N28 0	9203	22611	165200	202001968 0	ILK-ESP20-03031	06-jul-20	A80125065-META 4 SPAIN S.A.	907,50
N28 0	9203	22611	163194	202000487 9	ILK-ESP20-00472	05-feb-20	A80125065-META 4 SPAIN S.A.	1.452,00
N28 0	9203	22611	166502	202003415 6	ILK-ESP20-04422	06-oct-20	A80125065-META 4 SPAIN S.A.	363,00
					Nº RC 202100053117		TOTAL APLICACIÓN	2.722,50
					Disponible en bolsa v.			
					280/920/2 a 31/12/2020		21.325,01	
TOTAL EXPTE. REC XGL								81.428,6 7

2.- Dar conta do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

28.- Darse por enterada da información do Sr. Alcalde e Concelleiros de Área con Delegación, sobre resolucións adoptadas ata a data:

Ningunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Excmo. Sr Alcalde-Presidente, levantou a sesión ás oito horas e cincuenta minutos (08h:50'), do que como Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local dou fe.

